
A GRANXA DOS ANIMAIS

Texto de **GEORGE ORWELL**

Tradución de **FERNANDO MOREIRAS**

Deseño de **MARC TAEGER**

Encadernación rústica. 14,5 x 21 cm. 112 páx. 10 €.

ISBN 978-84-96957-91-6. Narrativa K.

Tan pronto se apagou a luz do dormitorio comezaron o barullo e o algareo en todos os edificios da granxa. Durante o día correra a voz de que o vello Comandante, o porco branco de raza middle white que gañara o concurso da feira, tivera un estraño soño a noite anterior e quería transmitirlo aos outros animais; e acordaran reunirse todos no celeiro grande en canto estivesen seguros de que o señor Jones non fose entremeterse...

Unha noite, cando o granxeiro Jones vai durmir, todos os animais da Granxa Manor reúnen e, liderados por un porco sabio, o vello Comandante, deciden amotinarse e loitar contra os seus amos. A rebelión trunfa, os humanos son expulsados a couces, e os porcos Napoleón e Folerpa proclaman un novo sistema social baixo unha nova lei que declara que «todos os animais son iguais». Pero as ensinanzas do vello Comandante vense alteradas cando os seus sucesores asumen o control e converten o goberno nunha tiranía.

Escrita durante a II Guerra Mundial e publicada en 1945, “A granxa dos animais” é unha sátira contra as ditaduras, unha fábula moderna na que George Orwell critica os totalitarismos e a corrupción que enxendra o poder.

A mestría do autor fai que os lectores reflexionen sobre as causas que levan a eses sistemas políticos a desenvolverse e, sobre todo, a seren aceptados. Trátase dun relato cun nivel de profundidade que fai posible que a súa mensaxe trascenda o caso particular do réxime soviético ao que critica, ata o punto de ser asequible mesmo para a comprensión do público xuvenil. Por este motivo, “A granxa dos animais” é un texto de referencia como ferramenta educativa.

A novela foi levada ao cine en 1955, dirixida por Joy Batchelor e John Halas, na primeira longametraxe inglesa de animación. En 1999, John Stephenson dirixiu unha nova versión de ‘Animal Farm’, para a que filmou animais verdadeiros.



-
- **Temática:** contra as ditaduras.
 - **Idade recomendada:** lectores xuvenís e adultos.
 - **Aspectos destacables:** do autor de “A granxa dos animais” (FAKTORÍA K); o concepto de Irmán Grande; uniformización vs. liberdade; outras lecturas vencelladas, “Indignédevos!” (S. Hessel) e “A revolta dos indignados” (VV.AA.).
-

George Orwell

(Motihari, India, 1903 - Londres, 1950)

Xornalista, columnista, ensaísta e crítico literario, o seu nome real era Eric Arthur Blair. Foi un dos escritores europeos máis importantes do século XX. Comprometido coas causas a prol da liberdade e da xustiza social e en contra dos totalitarismos, a obra literaria de Orwell reflicte en cada momento a súa ideoloxía, claramente anti-imperialista. A súa extensa bibliografía componse principalmente de escritos e ensaios publicados en diferentes revistas e xornais ingleses: ‘Down and Out in Paris and London’, ‘The Road to Wigan Pier’. Na obra ‘Homage to Catalonia’, Orwell describe as súas experiencias durante a Guerra Civil en España. Xa daquela denunciaba o sectarismo stalinista e a represión sobre o movemento anarcosindicalista. En 1984 Orwell presenta por vez primeira o concepto do «Irmán Grande», o ollo que todo o ve na sociedade autoritaria. Foron precisamente esta obra premonitoria, “1984” (1949), e mais “A granxa dos animais” (1945), as novelas que o consagraron como un dos grandes novelistas contemporáneos.